

Acentuación gráfica en ditongo

O ditongo é o encontro de dúas vogais na mesma sílaba: *piano* (*pí-a-no*)

Os ditongos levan acento gráfico segundo as regras xerais de acentuación. O acento gráfico sitúase sempre na vogal aberta (a, e, o).

ancián (aguda)

piano (grave)

diálogo (esdrúxula)

Excepción:

Non levan acento gráfico as palabras agudas rematadas en ditongo decrecente: vogal aberta (a, e, o) + vogal pechada (i, u); ou dúas vogais pechadas (i, u).

adeus (aguda)

viviu (aguda)

Acentuación gráfica en hiato

O hiato é o encontro de dúas vogais en sílabas distintas: *océano* (*o-cé-a-no*)

Os hiatos formados por dúas vogais abertas (a, e, o) acentúanse seguindo as regras xerais de acentuación.

océano (esdrúxula)

faraón (aguda)

Os hiatos formados por unha vogal aberta (a, e, o) átona e outra pechada (i, u) tónica levan acento gráfico na vogal pechada tónica (aínda en contra das regras xerais de acentuación):

alegría (grave)

baúl (aguda)

Os hiatos formados por dúas vogais pechadas (i, u), sendo a segunda tónica, levan acento gráfico na segunda vogal (aínda en contra das regras xerais de acentuación):

muíño (grave)

posuír (aguda)



—Actividades

6. Ordena as sílabas de cada cor para formar seis palabras. Esríbeas na táboa e subliña de azul os ditongos e de vermello os hiatos que conteñen. Despois xustifica por que levan acento ou non.

grí	se	mo	mu	des	fa	a	náu	ño
pois	í	la	a	rei	a	da	le	e

Palabra	Leva acento gráfico?		Xustificación
	Si	Non	
.....			
.....			
.....			
.....			
.....			
.....			

7. Pronuncia as palabras de cada par: a primeira contén un ditongo e a segunda, un hiato. Consulta un dicionario se o precisas e forma con cada par unha oración.

saía - saía

→

país - país

→

recua - recúa

→

coido - coído

→

8. Pon os acentos gráficos que faltan nestas oracións. Todos afectan a ditongos ou hiatos.

- En non quería destruír o teu castelo de area. Foi un accidente. Perdoame.
- O meu tío Luis, que é psiquiatra, está a estudar os efectos terapéuticos dos deportes náuticos.
- Eu non sabía que a raíña de Holanda fose tan ancia.
- O meu amigo Xoán viviu en Suíza moitos anos e despois volveu a Galicia.
- A el doelle a miúdo a cabeza por culpa do ruído que sempre hai na súa rua.
- Hai unha grande expectación na sala onde se celebra o xuízo contra esa estrela do béisbol.



Acentuación diacrítica

Sen acento

a (artigo; pron. átono; preposición)
as (artigo; pron. átono)
besta (animal)
bola (peza de pan)
ca (conxunción)
cas (preposición)
cha (che + a)
chas (che + as)
co (con + o)
cos (con + os)
compre (de comprar)
compren (de comprar)
da (de + a)
das (de + as)
do (de + o)
e (conxunción)
fora (de ser ou de ir)
ma (me + a)
mas (me + as)
mais (conxunción)
no (en + o)
nos (pronome átono)
o (artigo; pronome átono)
os (artigo; pronome átono)
oso (animal)
pe (letra)
pola (galiña; por + a)
por (preposición)
presa (dique, prendida)
se (conxunción; pronome átono)
so (preposición)
te (pronome átono; letra)
ven (de ver)
ves (de ver)
vos (pronome átono)


Con acento

á (a + a artigo; das aves)
ás (a + as artigo; das aves; da baralla)
bésta (arma antiga)
bóla (esfera, pelota)
cá (conxunción ca + artigo a)
cás (conxunción ca + artigo as)
chá (plana)
chás (planas)
có (conxunción ca + o)
cós (conxunción ca + os)
cómpre (de cumprir)
cómpren (de cumprir)
dá (de dar)
dás (de dar)
dó (compaixón, loito; nota musical)
é (de ser)
fóra (adverbio)
má (mala)
más (malas)
máis (adverbio)
nó (atadura)
nós (pron. tónico; ataduras)
ó (a + o)
ós (a + os)
óso (do corpo)
pé (do corpo)
póla (rama)
pór (poñer)
présa (apuro)
sé (sede eclesiástica; imperat. de ser)
só (adv. e adx.)
té (infusión)
vén (de vir)
vés (de vir)
vós (pron. tónico)



— Actividades

1. Asocia os elementos debuxados en círculos da mesma cor e escribe con cada par unha oración. Ten en conta que debes nomealos con palabras da páxina anterior (con ou sen acento diacrítico).



Oracións

-
-
-
-
-
-



2. Transforma estas oracións poñendo todo en singular. Sigue o modelo resolto e coida a acentuación diacrítica.

Eses rapaces tamén van ás festas.



Ese rapaz tamén vai á festa.

Os meus sobriños veñen visitarme cada semana.



.....

Eses amigos meus son avogados.



.....

Por que non vides nunca a Vigo en tren?



.....

Eles dan diñeiro para calquera acto benéfico.



.....

3. Escribe unha pregunta que dea sentido a cada unha destas respostas. Presta atención ás palabras con e sen acento diacrítico.

— ?
— As dúas.

— ?
— Ven bastante mal.

— ?
— Ás dúas.

— ?
— Vén bastante mal.

— ?
— Fora Carme.

— ?
— Compre outra, si.

— ?
— Fóra, Carme.

— ?
— Cómpre outra, si.



— Actividades

4. Completa as oracións coas palabras adecuadas de cada par. Repara no uso do acento diacrítico.

mais - máis

- Necesito fariña. Con esa non chega para facer a empanada.
- Eu cheguei á cita puntual, Antón atrasouse media hora.

cha - chá

- Manuel María é, se cadra, o poeta máis recoñecido da Terra
- Déixame a túa bicicleta, que xa devolvo pola tarde.

presa - présa

- A proxectada construción dunha neste río pon en perigo a flora e a fauna da zona.
- Síntoo, teño moita e, por iso, non podo seguir de parola contigo.

vos - vós

- fostes os responsables do que ocorreu, así que debes desculparvos.
- Eu xa dixera que esa alfombra era pequena: agora hai que ir devolvela.

se - sé

- volves cedo, aínda poderemos ir ao cine ás oito e media.
- bo e vai axudar a teu pai a limpar os baños.

nos - nós

- Eles xa dixeran que podía chover. Non sei por que non trouxemos os paraugas.
- Creo que esas flores son para polo noso aniversario de voda.

5. Pon os acentos diacríticos que faltan neste texto.

Un día daqueles aparéceme **na** casa un dos pastores **do** meu gando que me di que ven a todo correr porque ao pe da Rocha do Corvo apareceu un estranxeiro que, sen mais nin mais, alá lle botou man as mais ben mantidas vacas do rabaño e arramplou **con** elas como quen leva algo que lle pertence. Trataron os coidadores de llo impedir e **emprendeuna** a paus con eles con tal furia que deixou no campo por mortos a mais da metade. Quentouseme **entón** o xenio e, sen pensalo dúas veces, agarrei a lanza e marchei a carreira para lle parar os pes ao ladrón. **Vino** como afalaba un par de becerrañas de curvados cornos e berreille de lonxe: «¡Párate aí, condenado, que te atraveso!».

Xosé Manuel Martínez Oca, *Outono na illa*